

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **15 de xuño de 2022**

Ás 18.00 horas do día 15 de xuño de 2022, reúnese a comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, no salón de sesións da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Pablo Pérez Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE MAIO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de maio de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do día 18 de maio de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MODIFICACIÓN DO PROGRAMA DE ASISTENCIA A MUNICIPIOS EN MATERIA DE SERVICIOS DO CICLO HIDRÁULICO DO ANO 2022

Neste punto o presidente da comisión cédelle a palabra ao director da Área de Medio Ambiente que pasa a realizar unha exhaustiva explicación da motivación e das medidas incluídas na modificación que se propón do programa de asistencia a municipios en materia do servizo do ciclo hidráulico para o ano 2022 e que consta detallado no informe-proposta incorporado ao expediente.

Don Miguel Antonio Cid Álvarez, do Grupo Popular, pregunta se existe algunha previsión para que esta asistencia entre en vigor e poida ser solicitada polos concellos.

O director da Área de Medio Ambiente entende que se non hai incidencias na tramitación administrativa debería estar en vigor no mes de xullo.

Don Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, pregunta se no caso dos concellos da Comarca de Valdeorras nos que é o Consorcio o que presta moitos destes servizos debe ser este o que solicite as asistencias.

O director da Área de Medio Ambiente contesta afirmativamente.

Don Bernardo Varela López, do BNG, indica que estamos ante un tema moi importante que afecta á saúde pública dos nosos veciños, que ten unha xestión moi complexa pero que entende que a formulación que se realiza dende a Área de Medio Ambiente é correcta e que as asistencias se prestan a un prezo moi competitivo.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (3) a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do actual Programa Provincial de Asistencia ás EE LL para a Xestión de Servizos do Ciclo da Auga para 2022 (publicado no BOP n.º 26, do 2 de febreiro de 2022), do seguinte xeito:

a) Modificar a actual acción A34.- *Modificación de protocolos de autocontrol e xestión (PAX) de abastecementos de auga de consumo*, ampliando o seu contido e pasando a denominarse A-34 Seguimento do protocolo de autocontrol e xestión do abastecemento de auga de consumo (PAX).

- **Contido:** control sobre o cumprimento real do recollido no PAX que o concello teña, control mensual do correcto rexistro de parámetros e incidencias recollidos no PAX así coma a rápida corrección das non conformidades, revisión das instalacións consensuando e supervisando o mantemento preventivo e correctivo, a asunción no SINAC do rol de “organismo gravador” para responsabilizarnos do mantemento ao día da información subida, e finalmente a realización das modificacións do PAX que resultasen pertinentes.
- **Prezo:** 1.775,00 €/ano (máis IVE)

b) Incluir a acción A-38 Inspección e auscultación de redes de distribución de auga.

- **Contido:** inclúe a inspección xeral e pormenorizada das redes de distribución de xeito periódico, localizando ata pequenas fugas e acometidas ilegais, permitindo unha xestión activa (proponendo reparacións, substitucións, sectorizacións etc.) nas redes municipais de distribución. Isto inclúe dúas campañas anuais con ata cinco xornadas (diúrnas ou nocturnas)
- **Prezo:** 2.040,00 €/ano (máis IVE)

c) Incluir a acción A-39 Formación continua para o persoal das AA LL destinados ao mantemento dos servizos do ciclo da auga.

- **Contido:** inclúe a matrícula para dous traballadores municipais, nun curso en liña e modular, de formación en temas básicos de xestión de servizos de abastecemento, dividida en 4 módulos a superar consecutivamente (a módulo por ano), consonte ás esixencias do Plan de Formación para os PAX da Autoridade Sanitaria.
- **Prezo:** 388,00 €/ano (mais IVE).

d) Incluir a acción A-40 (nova) Realización de auditorías dos sistemas de abastecemento municipais, xestionados de forma directa.

- Consistirá na redacción do documento Auditoría do sistema municipal de abastecemento (consonte coas directrices de Augas de Galicia para estes documentos) e do Plan de acción para mellora da eficiencia do sistema, o que leva implícito:
 - Labores de campo: recollida de datos, revisión de datos e consenso de propostas, reunións co persoal técnico e de mantemento, así como cos responsables políticos do servizo.

- Traballo de gabinete: revisión e realización de planos, cálculos e determinacións, realización de fichas das instalacións, ..., e redacción do documento de Auditoría.
- Plan de acción, coas melloras propostas (e consensuadas), detalle das mesmas, avaliación e cronograma de implantación.
- **Prezo:** 4.770,00 € (máis IVE)

2º.- Someter a información pública, por prazo de dez días hábiles, o presente acordo de aprobación inicial, mediante anuncio na sede electrónica da Deputación Provincial e no Boletín Oficial da Provincia. As reclamacións ou alegacións que se formulen no dito prazo serán resoltas polo Pleno da Corporación. No caso de non formularse alegacións, o acordo de aprobación inicial entenderase automaticamente elevado a definitivo, procedéndose á súa publicación, sen prexuízo da súa inmediata entrada en vigor.

3º.- MOCIÓN DO BNG EN APOIO Á INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Don Bernardo Varela López, do BNG, pasa a explicar con detalle o contido da moción do seu grupo.

Dona Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, sinala que estamos ante unha petición que realiza a Asociación Galega de Montes Veciñais en Man Común e entende que poida ser oportuno adoptar medidas de tipo lexislativo e que en todo caso o seu grupo se absterá no ditame para intentar realizar aportacións de cara ao Pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3), de DO (1) e da deputada non adscrita a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galiza a reforzar o carácter xermánico da titularidade veciñas e recoñecer a titularidade veciñal como unha máis das titularidades públicas e privadas.

2º.- Instar á Xunta de Galiza a considerar os aproveitamentos e usos dos montes veciñais como aproveitamentos e usos dos montes veciñais.

3º.- Instar á Xunta de Galiza a acadar un monte veciñal multifuncional e sustentábel ao servizo da veciñanza comuneira e a sociedade no seu conxunto.

4º.- Instar á Xunta de Galiza a recoñecer os montes veciñais como unha figura de protección medioambiental e cultural en si mesmos.

5º.- A Corporación Provincial de Ourense amosa o seu apoio á iniciativa lexislativa popular-Lei de montes veciñais en man común.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, pregunta, en relación coa obra da ponte sobre o río Xares no Bolo, se a Confederación Hidrográfica tamén forma parte da solución ao problema.

O **presidente da comisión** recorda que grazas a unha moción do Grupo Socialista aprobada por unanimidade no Pleno constituíuse unha comisión á que foron convocados a propia Deputación, o Concello do Bolo, a Xunta de Galicia e a Confederación Hidrográfica, se ben esta última nunca acudiu ás reunións.

O convenio para financiar a obra contempla aportacións do Concello do Bolo, da Deputación Provincial e da Xunta de Galicia.

Don Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, intervén para manifestar que el falou persoalmente co presidente da Confederación Hidrográfica e que puxo a disposición desta iniciativa para solucionar o problema da ponte sobre o río Xares ao persoal técnico da Confederación Hidrográfica. Engade que ademais a Confederación Hidrográfica está comprobando o histórico dos desembalses que se produciron nestas datas para comprobar se as empresas que xestionan os embalses poidan ter algunha responsabilidade na crecida que orixinou o derrubamento da ponte. Novamente volve a reiterar que unha actuación similar á que se fixo neste caso se realice tamén na obra de San Vicente de Leira.

O **presidente da comisión**, respecto ao caso de San Vicente de Leira, sinala que nas últimas semanas se mantiveron unha serie de reunións coa Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Xunta de Galicia e coa Confederación Hidrográfica, insiste en que xunto cos veciños a Deputación é a gran prexudicada desta situación xa que perdeu un treito importante dunha estrada provincial, polo que entende que a solución debe pasar por varios actores e en particular polos responsables.

Por último engade que tamén estes días mantivo conversas co alcalde de Vilamartín de Valdeorras para informarlle da situación.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, sinala que no último Pleno o presidente informou de que os servizos técnicos provinciais estaban realizando un informe sobre o estado en que se atopaba a Casa Natal de Antón Tovar para ver a viabilidade de executar un proxecto de museo e residencia literaria, polo que pide que se lle facilite o dito informe á maior brevidade e se fora posible antes do 18 de xuño, xa que ten programada unha visita á mesma.

Don Bernardo Varela López, do BNG, realiza o rogo de que se lle facilite ao seu grupo o informe que se obteña da Confederación Hidrográfica sobre o derrubamento da ponte no río Xares e posibles responsables.

E ás 18.45 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

.